

As características fundamentais do modelo competitivo aberto, onde prima a participación, son as seguintes:

- A liberdade de elixir a modalidade deportiva.
 - A posibilidade de práctica físico-deportiva por parte de toda a poboación escolar.
 - A adaptación da actividade aos escolares, que son os protagonistas da mesma.
 - A flexibilidade das actividades no seu desenvolvemento, en canto ás súas regras, técnica, táctica e forma de organización.
 - Os grupos poden ser heteroxéneos.
 - As normas son un elemento facilitador do desenvolvemento da actividade.
-

Con estas premisas inspiradas no modelo competitivo aberto orientado á participación, preséntanse unha serie de actuacións, a desenvolver durante o curso 2009/10, que abranguerán dende diferentes actividades deportivas ata xornadas lúdica-recreativas, das que atopará máis información na normativa que se desenvolve a continuación.

OBXECTIVOS DO PROGRAMA XOGADE

- Incrementar a participación en actividades físico-deportivas en horario lectivo e non lectivo das poboacións escolares, con especial incidencia no colectivo de nenas.
- Beneficiarse do gran potencial educativo e formativo das actividades físico-deportivas, primando a participación por encima da competitividade.
- Impulsar a función integradora e de cohesión social do deporte.
- Manter ou mellorar o estado de saúde a través da adquisición de hábitos de vida activos e saudables.
- Permitir a aprendizaxe dos conceptos técnicos e tácticos, o desenvolvemento das diferentes cualidades físicas, así como a transmisión de hábitos, actitudes e valores como a tolerancia, o respecto aos demais e ás regras, o esforzo de superación, a cooperación, e a confianza, entre outros.
- Potenciar o Xogo Limpo e a Deportividade.
- Potenciar os Xogos Motores como instrumento base da educación
- Introducir ós nenos/nenas en diferentes disciplinas deportivas mediante actividades lúdicas de carácter global
- Facilitar a comunicación e a convivencia dos nenos/as independentemente do nivel de práctica de cada un deles.
- Fomentar a práctica de actividade física como hábito saudable necesario na sociedade actual.
- Posibilitar que os nenos e nenas se divirtan realizando actividade física.